

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión ordinaria o 21 de marzo de 2018, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre a declaración de festa de interese turístico de Galicia da Festa do Caldo Galego de Mourente

## **“ANTECEDENTES**

A Dirección de Competitividade da Axencia Turismo de Galicia remitiu, o 2 de marzo, o expediente relativo á declaración de festa de interese turístico de Galicia da Festa do Caldo Galego de Mourente en Pontevedra, para a emisión do preceptivo informe, achegando a seguinte documentación:

- Solicitud do 12 de febreiro de 2016
- Informe da Comisión do Pleno Permanente de Cultura, Festas e Política Social do 21 de abril de 2015
- Memoria explicativa
- Informe da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural de 7 de marzo de 2018
- Informe da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias do 12 de marzo de 2018
- Informe da Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde do 2 de marzo de 2018
- Informe da Área Provincial de Turismo de Pontevedra do 8 de marzo de 2018

## **CONSIDERACIÓNS**

### **I. Competencia**

Emítase este informe sobre a declaración da Festa do Caldo de Mourente en Pontevedra como festa de interese turístico de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

### **II. Marco xurídico**

1. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, regula no artigo 93 as festas de interese turístico de Galicia, dispoñendo: *“A Administración da Xunta de Galicia poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e das tradicións populares e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico.*

*Esta declaración farase segundo se determine regulamentariamente, en función, entre outros, da antigüidade, da singularidade e do arraigamento, así como das actividades promocionais que desenvolvan.”*

Para dar cumprimento á devandita previsión legal, aprobouse o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

2. O Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, dispón, no seu artigo 3, que a declaración efectuarase en función do cumprimento dos seguintes **requisitos**:

a) **Antigüidade**. As manifestacións ou acontecementos de carácter festivo a que se refiran as peticións deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos. As súas celebracións efectuaranse periodicamente e en datas facilmente determinables.

A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulamentación así o aconsellen, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de quince anos.

b) **Singularidade**. As festas de que se trate deberán conter aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar noutras localidades. Valorarase especialmente que sexa un reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local e que, desde o respecto á tradición e costumes que a fan única, presente innovacións nas edicións sucesivas que contribúan a enxalzar máis o evento.

c) **Arraigamento**. Elementos esenciais da celebración serán o arraigamento popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local, excluíndose aquelas festas orixinadas por simples intereses particulares ou comerciais.

d) A realización polas entidades organizadoras de **accións promocionais** suficientes para a atracción de correntes turísticas. Entenderanse por accións promocionais suficientes aquelas accións que permitan dar a coñecer ao maior número de persoas posibles a

celebración do evento, xa sexa mediante a súa divulgación en medios audiovisuais de carácter xeneralista, como a participación en feiras, eventos turísticos e actos similares. En calquera caso, estas accións serán como mínimo 10 nas 5 últimas edicións.

e) **Valor cultural**. As celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son, entre outras, as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.

f) **Continuidade no tempo**. Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa una festa cunha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

3. Así mesmo, o artigo 4 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, establece os seguintes **criterios de valoración**:

a) A **facilidade de acceso**, tendo especial valor aqueles eventos que procuran a maior accesibilidade, integración e participación do conxunto da poboación, con consideración, así mesmo, da perspectiva de xénero, tanto á acción festiva en si mesma como aos servizos necesarios para a súa celebración.

b) A **estética**, valorarase posta en escena da celebración, a ambientación, a recreación, as instalacións e infraestrutura onde se celebre e a imaxe uniforme dos equipamentos do evento tales como toldos e elementos decorativos.

c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir **costumes e tradicións populares**.

d) O adecuado **coidado dos contornos urbanos**, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza.

e) A **calidade dos actos** que configuren a celebración.

f) A **creatividade e innovación** na celebración do evento.

g) O nivel de dotación de **infraestruturas e equipamentos** para a celebración da festa e a recepción de visitantes.

h) A **afluencia de visitantes**.

i) A **coordinación das entidades públicas e privadas** involucradas na celebración da festa.

4. No que respecta ao informe preceptivo e non vinculante que debe emitir o Consello do Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 14 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, deberá examinar a procedencia da declaración segundo os requisitos e criterios de valoración, así como formular unha proposta acerca das necesidades derivadas da declaración.

### III. Procedencia da declaración

1. Cumprimento dos **requisitos** establecidos no artigo 3 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia:

- **Antigüidade e continuidade no tempo:** Segundo a memoria, a celebración da I Festa do Caldo tivo lugar no ano 1991. Esta festa celébrase anualmente o segundo domingo do mes de marzo. Na documentación que obra no expediente consta acreditada a celebración da festa, cumprindo en 2018 a vixésimo sétima edición da festa.
- **Singularidade:** Aquí podemos destacar o carácter da festa no sentido de recuperar e manter un produto típico de Galicia, do que non hai referencia de outra festa igual, e o seu proceso de elaboración tradicional. Neste sentido, no ano 2006 creouse a Orden do Caldo Galego, actualmente con 130 damas e cabaleiros tanto de España como de Portugal. Cada ano nomean un mínimo de 10 novas damas e cabaleiros.
- **Arraigamento:** O caldo é un prato típico, propio e peculiar de toda a comunidade, que mantén e conserva a elaboración tradicional, transmitida oralmente co paso do tempo de xeración en xeración, tanto nos seus ingredientes como no propio proceso de elaboración. A festa é organizada pola Asociación de Veciños O Castro de Mourente que trata de implicar a todos os membros da parroquia e do Concello promovendo comunidade e veciñanza.

- **Accións promocionais:** Segundo a documentación presentada realizáronse as accións promocionais que se sinalan:
  - Emisión de cuñas radiofónicas en distintas emisoras (Radio Pontevedra – cadena SER, Radio Cope, Radio Arosa) e canais de TV (TVG)
  - Prensa escrita (Diario de Pontevedra, Faro de Vigo, Correo Gallego, Radio Voz, Pontevedra Viva)
  - Teñen páxina web propia: [www.festadocaldogalego.com](http://www.festadocaldogalego.com)
  - Cartelería
  - Asistencia a feiras: Agrival en Portugal e Xantar de Ourense
  - Publicación dun libro anual con todos os datos da feira anterior.

Segundo o Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, estas accións serán como mínimo de 10 nas cinco últimas edicións; requisito que cumpren.

- **Valor cultural:** O valor cultural vén dado polo peso que nela ten a gastronomía, o produto arredor do cal xira a celebración da festa, o caldo, en canto produto por excelencia de Galicia; pola difusión do patrimonio cultural e natural do enclave e a posta en valor dos produtos agropecuarios da zona. Segundo o informe aportado, a grande cantidade de terras que se cultivaban na parroquia e a obriga de deixar ao lume na lareira a ola, fixeron desta dieta pouco variada pero rica en proteínas un prato cotiá nas dietas familiares.

Achégase coa memoria o informe de Xosé Carlos Morgade Martínez, Licenciado en Historia, Xeografía e Arte de Galicia pola Universidade de Santiago de Compostela.

## 2. Criterios de valoración

a) Facilidade de acceso: A parroquia de Mourente, encóntrase na zona dos Areais, a menos dun quilómetro de Pontevedra. Para a organización da festa, a asociación conta coa colaboración de voluntarios de Protección Civil e Cruz Vermella que colaboran desinteresadamente para evitar e solucionar calquera incidencia que se produza.

b) Estética: Nas imaxes que achegan coa memoria pódese comprobar o coidado estado das instalacións e infraestruturas onde se celebra a festa. Outro rasgo diferenciador é a

vestimenta que levan os membros da orde: unha capa de cor verde (que representa as verduras) e un escudo de cor granate cun pote (que representa as carnes, ingrediente importante do caldo)

c) Manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares: Como xa se reflexou en apartados anteriores, o caldo en sí é un produto que nos fai revivir as tradicións populares: tanto os ingredientes empregados na súa elaboración, produtos básicos que todas as casas do rural tiñan, como o seu proceso de elaboración tradicional a lume lento fan de este prato un abanderado da nosa gastronomía tradicional.

d) O adecuado coidado dos contornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos onde se desenvolva, segundo a súa natureza: A parroquia de Mourente foi unha parroquia cunha riqueza arqueolóxica das máis importantes do municipio pontevedrés. Conserva un gran patrimonio etnográfico, dende os muíños de auga do río Lérez aos cruceiros e capelas románicas. A parte da festa, pódese visitar o carballo centenario a menos de 200 metros a carón da capela de Santa Margarida que é símbolo da parroquia, a senda do Río Lérez, o miradoiro desde onde se divisa toda a cidade e o convento de San Benitiño de Lérez

e) Calidade dos actos que configuran a celebración: Aínda que a programación básica se mantén ano tras ano, consolidando uns sinais de identidade propios e característicos, desde a asociación se van incorporando novas propostas co fin de dinamizala. Así, nos últimos anos incorporouse un concurso de caldos, concursos escolares,... O intercambio cultural galaico-luso, con actuacións de música folclórica e vestuarios rexionais fan desta celebración un intercambio cultural moi destacable.

f) Creatividade e innovación na celebración do evento: A creación da Orden do Caldo Galego, así como a entrega do pote de prata ó veciño/a da parroquia homenaxeado nesa edición pola súa labor e entrega aos seus veciños fan desta festa rasgos diferenciadores e innovadores respecto a outras festas.

g) Infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e a recepción de visitantes: A festa celébrase no local da asociación de veciños e casa da cultura “O Castro”, con instalación de 2 carpas de 80 metros para os asistentes, con ampla zona de aparcamento e boas comunicacións urbanas co centro da cidade.

O concello de Pontevedra conta así mesmo cunha gran oferta de establecementos hoteleiros e casas de turismo rural.

h) Afluencia de visitantes: Nas últimas edicións calcúlase que durante o fin de semana en que se celebrou a festa visitaron Mourente unha media de 5.000 persoas aproximadamente. Esta estimación aparece recollida no informe emitido pola Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil de Pontevedra.

i) Coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa: O Concello de Pontevedra está a colaborar nos últimos anos establecendo convenios de colaboración coa asociación organizadora na organización da festa. Tamén colabora a Deputación de Pontevedra, e empresas privadas da parroquia e dos arredores como son Froiz, Ence, Asociación de comerciantes de Pontevedra ou a Federación Luso-galaica.

Orzamentos: Presenta os orzamentos destinados á celebración durante as últimas 5 edicións.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia propón

## **INFORMAR**

**Favorablemente** a declaración como festa de interese turístico de Galicia da Festa do Caldo de Mourente”.